

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O DÍA 10 DE XUÑO DE 2015.

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,35 horas do día 10 de xuño de 2015, reuníronse en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:

D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA. (PSG-PSOE)

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

D^a MARÍA DEL CARMEN REY TUÑEZ. (PSG-PSOE).

D. RAMÓN RODRÍGUEZ ROMARÍS. (PSG-PSOE)

D. JOSÉ PEDRO CAMBÓN FERNÁNDEZ. (PSG-PSOE)

D^a. PATRICIA VÁZQUEZ LAMAS. (PSG-PSOE)

D. JOSÉ BOUZAS ESPARÍS. (PSG-PSOE)

D. JESÚS QUINTELA VÁZQUEZ. (PSG-PSOE)

D. JOSÉ LUIS SAMPEDRO BOUZAS. (PSG-PSOE)

D^a MERCEDES GLORIA VÁZQUEZ GARCÍA. (PP)

D SATURNINO ABETE REDONDO (PP)

D. RAMON CARRO OTERO. (PP)

D^a. BEATRIZ CASTRO REY. (PP)

D. XESÚS PENA ESPÍÑA. (BNG)

Non asisten:

Secretario: D. JOSE MANUEL GONZÁLEZ GARCÍA, Secretario do Concello.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

1º) APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 16/2015: SUPLEMNETO DE CRÉDITO (PAI 2015, AMORTIZACIÓN ANTICIPADA DE DÉBEDA).

1º) APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 16/2015: SUPLEMENTO DE CRÉDITO (PAI 2015, AMORTIZACIÓN ANTICIPADA DE DÉBEDA).

Dada conta da proposta da Alcaldía do 11 de maio de 2015, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas na súa sesión do 27 de maio de 2015, e que, transcrita, di:

“O Pleno do Concello de Brión o día 16 de febreiro de 2015 aprobou a participación no Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2015 da Deputación Provincial de A Coruña. A través de este Plan o concello solicitaba destinar 216.754,95 €, á redución do seu endebedamento.

Logo de comprobar que o PAI foi aprobado definitivamente polo Pleno da Deputación Provincial, o día 8 de maio de 2015 realizouse o ingreso correspondente na conta dese concello.

Anexo I: listaxe das solicitudes de redución de débeda dese concello no PAI 2015 Concello	Nº	IMPORTE PRÉSTAMO PROVINCIAL APLICADO Á MINORACIÓN DA DÉBEDA MUNICIPAL	ENTIDADE FINANCEIRA	CÓDIGO PRÉSTAMO	CONTA BANCARIA ASOCIADA
BRIÓN	9	216.754,95	Banco Bilbao Vizcaya Argentaria	0182-5947-895-46031959	0182-5947-17-0200150131

É necesario proceder coa tramitación da modificación orzamentaria que permita dotar crédito na aplicación 011.91300 (Amortización de préstamos a longo prazo de fóra do sector público), para proceder á amortización anticipada por importe de 216.754,95 € do préstamo con código 0182-5947-895-46031959, da entidade financeira Banco Bilbao Vizcaya Argentaria, e dar de alta un novo préstamo, neste caso coa Deputación Provincial de A Coruña, a un tipo de xuro do 0%.

Sendo conforme ás disposicións vixentes, e previo informe da Intervención municipal, estímase procedente tramitar o expediente de modificación de créditos, sendo os recursos que financian o gasto novos ingresos (subvención Plan de Aforro e Investimento 2015 da Deputación Provincial de A Coruña), propónse ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobación da modificación de crédito número 16/2015 do Orzamento Municipal para o exercicio 2015 na modalidade de suplemento de crédito de acordo co seguinte:

SUPLEMENTO DE CRÉDITO:

APLICACIÓN DE GASTO SUPLEMENTADA

PROXECTO	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	FINS A QUE SE DESTINAN OS CRÉDITOS	CONSIGNACIÓN
2015/31	011.91300	Amortización de préstamos a longo prazo	216.754,95
		TOTAL	216.754,5

FINANCIAMENTO: Novos ingresos sobre os totais previstos no orzamento.

PROXECTO	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	CONSIGNACIÓN ANTES EXPEDIENTE	CONSIGNACIÓN RESULTANTE
2015/31	011.91100	0	216.754,95

Segundo.- Expoñer o expediente de modificación de crédito ao público por un período de 15 días hábiles, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co artigo 169 do Texto refundido da Lei de Facendas Locais, para que os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións.

No caso de que non se presentasen alegacións, a modificación entenderase definitivamente aprobada, publicándose resumida por capítulos no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello.

O Pleno do Concello previo ditame da Comisión Informativa Especial de Contas adoptará o acordo que estime pertinente.”

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (4) e MIXTO (1) (BNG).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde declara rematado o acto, levantándose a sesión ás trece horas e corenta minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde.

O secretario,

Vº e Prace,

José Luis García García.

José Manuel González García.